

## GUÍA DE ORIENTACIÓN ESTUDANTES CON TRASTORNO ESPECTRO AUTISTA (TEA) NA UNIVERSIDADE DE VIGO

### Introdución

O DSM-IV, publicado en 1994, definía o autismo e os seus trastornos asociados como trastornos xeneralizados do desenvolvemento (TGD). No DSM-5, esta definición foi substituída polo termo trastorno do espectro autista (TEA), que foron incluídos a súa vez dentro dunha categoría máis ampla de trastornos do neurodesenvolvemento.

No DSM-IV, a categoría dos trastornos xeneralizados do desenvolvemento comporta cinco subtipos de autismo: o trastorno autista, a síndrome de Asperger, o trastorno desintegrativo infantil, o trastorno xeneralizado do desenvolvemento non especificado (TGD non especificado) e a síndrome de Rett.

O DSM-5 substituíu catro destes subtipos (trastorno autista, síndrome de Asperger, trastorno desintegrativo infantil e TGD non especificado) pola categoría xeral trastornos do espectro autista (TEA). A síndrome de Rett xa non forma parte deste sistema de clasificación. En lugar de facer distinción entre estes subtipos, a definición diagnóstica do DSM-5 especifica tres niveis de gravidade nos síntomas, así como o nivel de apoio necesario.

### Características

- Forte motivación por aprender e facer as mesmas cousas que as demais persoas.
- A súa atención adoita centrarse en temas moi específicos, independentemente dos intereses do seu grupo de idade. Así, chegan a ser persoas expertas nalgunhas materias e poden ter verdadeiros éxitos profesionais.
- Bo procesamento visual para a información.
- Adoitan ser persoas sinceras, leais e capaces de axudar sempre que se lles requira.
- Ás veces, tentan pasar desapercibidos ou, pola contra, fanse notar excesivamente debido ás súas continuas e particulares intervencións.

## Principais dificultades

As principais barreiras teñen que ver coa interacción e coas relacións sociais: comunicación, illamento, soidade etc.; problemas que, sen un apoio específico, poden incrementarse coa súa chegada á universidade. Podemos enumerar as seguintes dificultades concretas:

- Atrancos para relacionarse espontaneamente, integrarse no grupo e facer amizades, entre outras causas pola súa aparente falta de interese.
- Modo peculiar de relacionarse (linguaxe literal, comentarios inoportunos etc.).
- Dificultade para interpretar claves do que se espera deles/as nunha determinada situación (por exemplo, compórtanse de igual maneira co profesorado que con persoas da súa contorna, problemas de enfrontamento etc.).
- Pensamento ríxido e inflexible; malestar ante situacións non previstas ou non estruturadas.
- Complicación no que concirne aos xestos e falta de comprensión da linguaxe non literal e o humor.
- A súa linguaxe a miúdo preséntase como pedante, tendo en conta a súa idade.
- Falta de empatía ou dificultade para poñerse no lugar das demais persoas e predicir as súas reaccións en distintas situacións (exemplo: sufrimento alleo, rexeitar peticións, pedir favores etc.).
- Problemas para organizarse na realización de traballos, tarefas, tempos empregados etc.
- Adoitan ter conciencia das súas dificultades, que desemboca en ocasións en illamento, ansiedade ou depresión.

## Plan de acollida

O/A estudante tras matricularse no centro seleccionado terá á súa disposición un impreso para ser incluído, se o desexa, no programa Piune (Programa de integración de universitarios con necesidades específicas). Presentarao na Unidade de Atención ao Estudiantado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (Unaten), onde se xestionará segundo o recollido nos capítulos III e IV do Regulamento de atención ao estudiantado con necesidades específicas de apoio educativo da Universidade de Vigo.

As solicitudes tramitaranse unha vez revisadas pola Unaten. As que non teñan un protocolo establecido remitiranse ao Gabinete Psicopedagóxico da Universidade de Vigo. Este órgano de asesoramento técnico deberá emitir un informe sobre as actuacións que se realizarán.

Finalmente trasladaranse á Coaten (comisión técnica de atención ao estudantado con necesidades específicas de apoio educativo) para a súa información ou resolución. As funcións da Coaten son ás que aparecen recollidas no artigo 6 do capítulo II do mencionado regulamento.

## **Recursos que ofrece a Universidade de Vigo en resposta ás súas necesidades**

- Reserva do 5 % da cota de prazas ofertadas nas facultades e nas escolas universitarias (como a calquera estudante que posúa o certificado de discapacidade superior ao 33 %).
- Exención do pagamento de matrícula aos que estean en posesión do certificado de grao de discapacidade superior ao 33 %.
- Envío de información e guías de orientación ao seu profesorado.
- Poder dispoñer de persoas de referencia na universidade, dun profesor/a titor e de estudantes de apoio –compañeiros e compañeiras– do seu mesmo curso e grupo.

## **Catálogo de apoios a estudantes con TEA**

O obxectivo é maximizar a integración do estudantado que presente esta síndrome. Este alumnado precisa dunha atención individualizada e de persoas de referencia que o axude a establecer unhas pautas específicas, tanto no ámbito académico coma nas súas relacións sociais.

O grao e a intensidade desta atención individualizada dependerá de cada caso concreto. É conveniente saber tamén que non todas as recomendacións son necesarias ou adecuadas para todo o alumnado afectado. Algúns non necesitan, nin tampouco aceptan, ningún tipo de apoio.

A continuación detállase o catálogo completo de apoios ao alumnado con TEA. En cada caso concreto estudarase que apoios e en que grao son necesarios, e as posibles actuacións por parte de:

*A/O responsable de diversidade do centro (responsable do Plan de acción tutorial no seu defecto)*

Elaborará un plan coordinado de accións que incluírá, salvo que expresamente se indique o contrario:

- A introdución do alumno ou alumna no programa de acción tutorial do seu centro e a designación dun profesor/a como titor/a, en calquera caso.
- A información ao titor/a e ao profesorado, de forma individual ou nunha reunión conxunta, sobre a SA, as características e as necesidades de apoio

específicas do/a estudante tras o consentimento expreso deste e dos receptores/as.

- O establecemento das canles de comunicación e mecanismos de coordinación que se utilizarán durante o curso académico entre a Unaten, o centro, o Gabinete Psicopedagóxico e o profesorado responsable.

## *O titor/a*

- Elaborar conxuntamente o plan de apoio e posta en marcha, se procede.
- Asesorar na planificación realista do curso e dos cuatrimestres (elección de materias e grupos, número de créditos etc.).
- Informar por adiantado do plan de traballo nas materias (análise dos programas e guías docentes, horarios, aulas, profesorado etc.).

## *O profesorado*

- Tratar de crear na aula un ambiente predicible, anticipando os cambios (de aula, de duración de actividades etc.) e proporcionando desde o principio normas claras de funcionamento e avaliación para a súa materia.
- Facilitar por adiantado copias das transparencias e presentacións usadas nas clases como apoio visual para seguilas.
- Respetar os intentos de comunicación do/a estudante e darlle o tempo que precise para que formule as súas preguntas.
- Fomentar a participación do/a estudante nas actividades en grupo, pero permitirlle tamén traballar de forma independente se o solicita, para non sobrecargalo con excesivas demandas sociais.
- Asegurarse de que o/a estudante entende as explicacións e animalo a asistir ás titorías para aclarar as súas dúbidas, organizar en detalle as tarefas etc.
- Aceptar, se se lles solicita, introducir certos cambios nas avaliacións:
  - Dar máis tempo nos exames ou posibilitar probas alternativas ao exame escrito no caso de que o alumno ou alumna presente dificultades grafomotoras ou escriba con lentitude.
  - Adecuar o formato de exame (preguntas pechadas/abertas; curtas/longas, test etc.).
  - Considerar o modo máis adecuado para realizar o exame (en grupo ou en situación individual).
- Reservar un lugar ou un asento na aula para evitarlle posibles distraccións ao/á estudante.
- Na medida do posible, facilitar o cambio en horarios de grupos co fin de evitar horas sen docencia entre as clases.

## *O estudiantado voluntario*

Acompañar e familiarizar o/a estudante coa contorna universitaria e co uso das instalacións: provisión de mapas, visitas ao centro, biblioteca, salas de estudo, laboratorios, aulas de informática, clases, departamentos e despachos, taboleiros de anuncios, secretaría, conserxaría, reprografía, cafetería, contactos etc.

## *O bolseiro/a*

No caso de non atopar unha persoa voluntaria, convocarase unha bolsa de integración pola que o bolseiro ou bolseira asuma as funcións indicadas no punto anterior.

## *Os contratados/as expertos*

Asumirán as tarefas específicas que acorde a Coaten, por proposta do Gabinete Psicopedagóxico, sempre que pola súa natureza estas non as poidan levar a cabo membros da comunidade universitaria.

En calquera caso, a Universidade de Vigo velará porque:

- Todas as persoas que colaboren co/coa estudante con TEA contén cos apoios da Unaten que necesiten para realizar a actividade, e que valoren as distintas actividades realizadas e suxiran posibles melloras para futuras ocasións.
- O profesorado poida ter apoio docente extra en actividades académicas nas que participa o alumno ou alumna con TEA e nas que require unha maior atención por parte do profesor ou profesora; por exemplo, solicitándolles aos departamentos o reforzo dos recursos docentes asignados á materia ou o recoñecemento da actividade docente adicional.
- No caso de que a/o estudante viva nunha residencia universitaria, a Unaten poderá establecer unha comunicación e coordinación fluída coas persoas responsables cando a/o estudante así o requira e mesmo pode necesitarse un plan específico de apoio á vida cotiá.

No caso do estudiantado bolseiro e voluntario, deberá fomentar que os compañeiros e as compañeiras do estudante con TEA:

- Coñezan as súas dificultades sociais e a/o conviden a sumarse ás súas actividades.
- Procuren adaptarse ao seu estilo de comunicación habitual (por exemplo, evitando as expresións ambiguas ou non literais, deixándoo o tempo que necesite para expoñer as súas opinións etc.).
- O traten con respecto, evitando comentarios críticos ou despectivos sobre a súa discapacidade.

- Respecten os momentos en que a/o estudante con TEA prefire estar só ou afastado do grupo.
- Deberán procurar potenciar a súa autonomía persoal e a súa participación na vida universitaria e introduci-lo en situacións novas explicándolle as regras de funcionamento implícitas en cada situación e facilitando que tome as súas propias decisións e opinións para evitar situacións conflitivas que poidan xurdir.

Os voluntarios e voluntarias non recibirán remuneración económica pola súa actividade aínda que, se esta se realiza durante os anos de formación universitaria, permite o recoñecemento de créditos académicos.

En calquera caso, é responsabilidade da Unaten que todas as persoas que colaboren co estudantado con esta síndrome reciban instrucións ou unha formación específica sobre o TEA en xeral, e sobre as características e as necesidades do alumno ou alumna ao que prestarán o apoio, en particular, antes de iniciar o seu labor. O Gabinete Psicopedagóxico elaborará esta formación.

A Unaten, a través do Gabinete Psicopedagóxico, facilitaralles cadernos autocopiativos a algúns e algunhas estudantes para que o alumno ou alumna con SA poida comparar e completar os seus propios apuntamentos.

## **Apoios na procura de emprego**

A Universidade de Vigo tentará facilitar a transición á vida laboral do estudantado con TEA:

- Poñerá en contacto ou acompañará a/o estudante á Área de Emprego e Emprendemento da universidade.
- Informarao/a sobre as condicións para acceder a posibles programas especiais de emprego (por exemplo: emprego con apoio, cotas de prazas para persoas con discapacidade etc.).
- Facilitará a realización, en servizos e programas da propia universidade, de actividades específicas de formación en habilidades relacionadas coa procura de emprego (preparación de currículos, realización de entrevistas etc.).

## **Comentarios finais**

Os apoios descritos neste documento xustificanse polas características e limitacións funcionais asociadas ao TEA. Non obstante, ter estas condicións, por si mesmo, non xustifica solicitar «privilexios» tales como a exención de exames ou prácticas, a revisión á baixa do criterio ou cualificación fixados para o aprobado, ou calquera outra que vaia en detrimento da adquisición das destrezas e habilidades e o desenvolvemento das competencias propias de cada titulación universitaria.

Sería aconsellable que o profesorado e os equipos docentes asuman as propostas de desenvolver adaptacións axustadas a cada tipo de discapacidade que favorezan a integración de todo o alumnado con discapacidade no ámbito académico, agás as adaptacións curriculares produto da súa vontade particular. Os apoios sinalados están deseñados para os/as estudantes que o soliciten expresamente.

A intervención no TEA baséase fundamentalmente na aprendizaxe por vía cognitiva dos factores implicados na comunicación humana (os sentimentos, a empatía, a colaboración e a autoestima, técnicas de modificación de conduta) para mellorar a competencia social e comunicativa dos suxeitos.

## **Protección de datos**

Tal como se recolle no artigo 3 de protección de datos de carácter persoal do Regulamento de atención ao estudantado con necesidades específicas de apoio educativo, todos os datos persoais, académicos e clínicos das persoas obxecto do citado regulamento trataranse de conformidade co establecido legalmente.

## **Normativa**

O marco legal de desenvolvemento, que en materia de educación se fai sobre a integración das persoas con discapacidade, queda recollido, entre outras, na seguinte normativa:

- Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.
- Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.
- Real decreto 1971/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudante universitario.
- Estatutos da Universidade de Vigo.
- Constitución española, artigo 49.
- Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social do discapacitado (Lismi), BOE do 30 de abril de 1982, artigos 23.1, 30 e 31.2.
- Real decreto 696/1995, do 28 de abril, de ordenación da educación dos alumnos con necesidades educativas especiais, BOE do 2 de xuño de 1995, artigos 6, 7 e 18.
- Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.
- Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, BOE do 3 de decembro de 2003.

- Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.

## Bibliografía

- ALONSO, A. e E. DÍEZ (2008): «Universidad y discapacidad: indicadores de buenas prácticas y estándares de actuación para programas y servicios», *Siglo Cero*, 39, 82-98.
- ALONSO, J. R. (2004): *Autismo y síndrome de Asperger. Guía para familiares, amigos y profesionales*. Salamanca: Amarú.
- ATTWOOD, T. (2002): *El síndrome de Asperger: una guía para la familia*. Barcelona: Paidós.
- BELINCHÓN, M.; J. M. HERNÁNDEZ e M. SOTILLO (2008): *Personas con síndrome de Asperger. Funcionamiento, detección y necesidades*. Madrid: CPA, CAE, Fespau e ONCE.
- BELINCHÓN, M.; J. M. HERNÁNDEZ e M. SOTILLO (2009): *Síndrome de Asperger. Una guía para los profesionales de la educación*. Madrid: CPA, CAE, Fespau e ONCE.
- BOGDASHINA, O. (2007): *Percepción sensorial en el autismo y síndrome de Asperger*. Ávila: Autismo Ávila.
- DE LA IGLESIA, M. e J. S. OLIVAR (2007): *Autismo y síndrome de Asperger. Trastornos del espectro autista de alto funcionamiento. Guía para educadores y familiares*. Madrid: CEPE.
- DEL RÍO, C. (2006): *¿Quieres conocerme? Síndrome de Asperger*. Barcelona: Salvatella.
- DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN (2002): *El síndrome de Asperger. Estrategias prácticas para el aula. Guía para el profesorado*. Bilbao: Universidades e Investigación.
- ALONSO, A. et al. (2008): *Protocolo de actuación para favorecer la equiparación de oportunidades de los estudiantes con discapacidad en la universidad*. Salamanca: Inico.
- EQUIPO DELETREA (2006): *El síndrome de Asperger: otra forma de aprender*. Madrid: Consejería de Educación.
- LLEDÓ, A.; S. GRAU e M. C. FERRÁNDEZ (2006): *La detección y atención educativa en los TGD: autismo y síndrome de Asperger*. Alacant: Editorial Club Universitario.
- MARTÍN BORREGUERO, P. (2004): *El síndrome de Asperger, ¿excentricidad o discapacidad social?* Madrid: Alianza.
- OJEA RÚA, M. (2008): *Síndrome de Asperger en la Universidad*. Alacant: Editorial Club Universitario.
- PERALTA MORALES, A. (2007): *Libro blanco sobre universidad y discapacidad*. Madrid: Real Patronato sobre Discapacidad [en liña]. Disponible en: <http://www.um.es/saop/ficheros/Libro%20Blanco%20Universidad%20y%20Discapacidad.pdf>.



- SZATMARI, P. (2006): *Una mente diferente. Comprender a los niños con autismo y síndrome de Asperger*. Barcelona: Paidós.
- THOMAS, G. I. (2002): *El síndrome de Asperger: estrategias prácticas para el aula*. Euskadi: Servizo Central de Publicacións.
- UNIVERSIDAD AUTÓNOMA DE MADRID (2009): Madrid: Oficina de Acción Solidaria y Cooperación. *Discapacidad en la Universidad*. 3ª edición.
- VALDEZ, D. (2007): *Necesidades educativas especiales en trastornos del desarrollo*. Bos Aires: Aique.
- VERDUGO, M. A. e M. CAMPO (2005): *Necesidades educativas especiales en trastornos del desarrollo*. Bos Aires: Aique.
- VERDUGO, M. A. e M. CAMPO (2005): *Análisis de servicios y programas universitarios de apoyo a estudiantes con discapacidad en las universidades españolas. Informe final*. Salamanca: Inicio e Real Patronato sobre Discapacidad.